



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR: Casa do Concello**  
**DATA: 16 de decembro de 2011**  
**HORA DE COMEZO: 13.30 horas**  
**HORA DE REMATE: 14.00 horas.**

### **ASISTENTES:**

**Don Adolfo Gacio Vázquez**  
**Don Jesús Sanjuás Mera .**  
**Don Manuel Mouriño Varela .**  
**Don Antonio González Barral .**  
**Dona María Dolores García Couto .**  
**Dona Sonia Rodríguez Midón .**  
**Don Jesús José Santasmarinas Devesa .**  
**Dona Raquel García Fraga .**  
**Dona Adela Redondo Rendo.**  
**Don Xabier Canabal Fernández .**  
**Don David Paulino Calvelo Otero**

### **AUSENTES:**

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da urxencia.**
- 2. Alegación presentada polo representante do BNG municipal con data 9-12-2011, contra a modificación da taxa de abastecemento de auga e altas abastecemento e saneamento. Aprobación definitiva da modificación.**

### **DELIBERACIÓNS**

- 1. Aprobación da acta anterior.**

Motívase a urxencia deste Pleno polo establecido no apartado 2 do artigo 26 da lei reguladora de facendas locais que establece que cando a natureza material da taxa esixa o devengo periódico desta e así se determine na correspondente ordenanza, o devengo terá lugar o 1 de xaneiro.

O artigo 6 da ordenanza establece que a taxa por consumo desde o momento no que se inicie a prestación do servizo e a súa facturación e cobramento, efectuarase con periodicidade trimestral.

Isto quere dicir, que para que a ordenanza entre en vigor e se aplique no 2012, terá que publicarse o texto íntegro antes do 31 de decembro de 2011.

Por outro lado, a ordenanza da Deputación reguladora da taxa por servizo de publicacións no BOP, no seu artigo 17 establece que a publicación deberase realizar no prazo máximo de 15 días hábiles posteriores ao pagamento da taxa, ou no seu defecto, da recepción da orde de inserción nas oficinas do BOP. No caso de publicación urxente o dito prazo reducirase a 6 días hábiles.

Por todo isto, procede convocar este pleno urxente co fin de que, no caso de aprobación definitiva da modificación da ordenanza, sexa publicado o texto íntegro no BOP antes do 31 de decembro de 2011.

A vista do cal, o pleno da corporación por unanimidade aproba a urxencia do pleno.

## **2. Alegación presentada polo representante do BNG municipal con data 9-12-2011, contra a modificación da taxa de abastecemento de auga e altas abastecemento e saneamento. Aprobación definitiva da modificación.**

Sen máis procédese coa votación e os votos a favor do PP e en contra do P S de G e do BNG, acórdase :

1. Aceptar o apartado 1 da alegación presentada por Don Xabier Canabal Fernández, concelleiro do BNG de Boqueixón, en data 9/12/2011, no senso a incluír un sub apartado no apartado A.1, quedando como se detalla:

### **“ 1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO**

#### **1.1 Abonados domésticos :**

	<b>Ano 2011</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 3,2 %</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 28 %</b>	<b>Canon concello</b>
<b>Cota fixa</b>	3,522 €/ab.mes	3,635 €/ab. mes	4,652 €/ab. mes	1,017 €/ab. mes
<b>Consumo :</b>				
1º Bloque : 0 a 10 m <sup>3</sup> /abon. mes	0,255 €/m <sup>3</sup>	0,263 €/m <sup>3</sup>	0,337 €/m <sup>3</sup>	0,074 €/m <sup>3</sup>
2º bloque : más de	0,317 / m <sup>3</sup>	0,327 / m <sup>3</sup>	0,419 €/m <sup>3</sup>	0,092 €/m <sup>3</sup>

10 a 20 m <sup>3</sup> /ab.mes				
3º bloque : más de 20 a 40 m <sup>3</sup> /ab.mes	0,960 / m3	0,991 / m3	1,268 €/m3	0,277 €/m3
Excesos : más de 40 m <sup>3</sup> /ab.mes	1,021 / m3	1,054 / m3	1,349 €/m3	0,295 €/m3

### **Abonados industriais, comerciais e obras**

	<b>Ano 2011</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 3,2 %</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 28 %</b>	<b>Canon concello</b>
<b>Cota fixa</b>	4,707 €/ab.mes	4,858 €/ab. mes	6,218 €/ab. mes	1,36 €/ab. mes
<b>Consumo :</b>				
Por cada m3 consumido	0,541 €/m3	0,558 €/m3	0,715 €/m3	0,157 €/m3

### **Gandarías**

Terán un desconto do 50% sobre as cotas de industrial e comercial

**1.2** A diferenza do ingresado pola empresa concesionaria entre as tarifas co incremento do IPC (3,2%) e o incremento do 28%, será ingresado pola empresa na conta bancaria do concello dentro da ultima semana do terceiro mes seguinte ao período facturado.”

2. Rexeitar os apartados segundo e terceiro da alegación presentada polo señor Canabal Fernández.

3. Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza reguladora das tarifas polos servizos de abastecemento e a alta de abastecemento e saneamento, cuxo texto íntegro a continuación se expresa

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA. ALTAS ABASTECIMENTO E SANEAMENTO**

#### ***Artigo 1. Fundamento e réxime.***

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución de 1978 e polo artigo 106 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da lei 39/1988 de 28 de decembro regulador das facendas locais, este concello establece a taxa polo subministro de augas que se rexerá pola presente ordenanza fiscal que atende ó previsto no artigo 58 da citada lei 39/1988.

#### **Artigo 2. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo da distribución de auga potable a domicilio, ou enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

### **Artigo 3. Suxeitos pasivos.-**

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados polos servizos a que se refire esta ordenanza.

### **Artigo 4. Responsables.-**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria, así como os co partícipes ou co titulares das entidades recollidas no artigo 33 da lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei xeral tributaria

### **Artigo 5. Base imponible e cota tributaria .-**

A base imponible estará constituída por:

As acometidas á rede xeral : o feito da conexión á rede por cada local comercial e vivenda individual e industrial.

No subministro ou distribución de augas: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nos seguintes tarifas:

## **1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO**

A)

### **1.2 Abonados domésticos :**

	<b>Ano 2011</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 3,2 %</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 28 %</b>	<b>Canon concello</b>
<b>Cota fixa</b>	3,522 €/ab.mes	3,635 €/ab. mes	4,652 €/ab. mes	1,017 €/ab. mes
<b>Consumo :</b>				
1º Bloque : 0 a 10 m <sup>3</sup> /abon. mes	0,255 €/m <sup>3</sup>	0,263 €/m <sup>3</sup>	0,337 €/m <sup>3</sup>	0,074 €/m <sup>3</sup>
2º bloque : más de 10 a 20 m <sup>3</sup> /ab.mes	0,317 / m <sup>3</sup>	0,327 / m <sup>3</sup>	0,419 €/m <sup>3</sup>	0,092 €/m <sup>3</sup>
3º bloque : más de 20 a 40 m <sup>3</sup> /ab.mes	0,960 / m <sup>3</sup>	0,991 / m <sup>3</sup>	1,268 €/m <sup>3</sup>	0,277 €/m <sup>3</sup>
Excesos : más de 40 m <sup>3</sup> /ab.mes	1,021 / m <sup>3</sup>	1,054 / m <sup>3</sup>	1,349 €/m <sup>3</sup>	0,295 €/m <sup>3</sup>

### **Abonados industriais, comerciais e obras**

	<b>Ano 2011</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 3,2 %</b>	<b>Ano 2012 co incremento do 28 %</b>	<b>Canon concello</b>
<b>Cota fixa</b>	4,707 €/ab.mes	4,858 €/ab. mes	6,218 €/ab. mes	1,36 €/ab. mes

<b>Consumo :</b>				
Por cada m3 consumido	0,541 €/m3	0,558 €/m3	0,715 €/m3	0,157 €/m3

### Gandarías

Terán un desconto do 50% sobre as cotas de industrial e comercial

1.2 A diferenza do ingresado pola empresa concesionaria entre as tarifas co incremento do IPC (3,2%) e o incremento do 28%, será ingresado pola empresa na conta bancaria do concello dentro da ultima semana do terceiro mes seguinte ao período facturado.”

### 2.- ALTAS DE CONTRATO ( abastecemento e saneamento)

- Por vivenda 52,68 €/ud
- Por local comercial 105,37 €/ud
- Por planta baixa sin dividir

O importe obterase de multiplicar 105,37 € polo número de vivendas que corresponde por planta

#### Industrias situadas fora de Polígono Industrial

- Áta 2 obreiros 105,37 €/ud
- Máis de 2 ata 20 obreiros 316,10 €/ud
- Máis de 20 ata 50 obreiros 526,84 €/ud
- Máis de 50 obreiros 1.053,67 €/ud

#### Naves industriais situadas en Polígonos Industriais

- Áta 500 m<sup>2</sup> 526,84 €/ud
- Máis de 500 ata 2.000 m<sup>2</sup> 1.053,67 €/ud
- Máis de 2.000 m<sup>2</sup> 1.580,51 €/ud

Promotores de 2 ou máis vivendas unifamiliares (\*) 541,06 €/viv.

Promocións de vivendas colectivas (edificios colectivos) 541,06 €/viv.

(\*) O aboamento de la taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promocións de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promocións de vivendas colectivas

AÑO 2.011 (3,2%) AÑO 2.012

### 3.- Cota por conservación de contadores y acometidas

Cota 0,716 €/ab.mes 0,739 €/ab.mes

### 4- XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS

Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

4,09 €/ud 4,22 €/ud.

## 5.- DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado de contador 16,87 €/ud 17,41€/ud.

## 6.- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DE RACORES

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo.

18,74 €/ud 19,34 €/ud.

B)

### 1.- Prezo de acometidas do servizo de abastecemento

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5 m. de lonxitude máxima.  
(1 a 5 m.)

#### **Materials**

- Colariño de toma
- Enlaces
- Tubería de P.E.A.D.
- Chave de paso
- Tapa de fundición de 15 x 25

#### **Obra civil**

- Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
- Lonxitude de gabia máximo 5 m.

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida y do tipo de reposición a realizar na gabia.

<u>Ø Acometida</u>	<u>Terra (A)</u>	<u>Asfalto (B)</u>	<u>Baldosa-beirarrúa (C)</u>
¾"	361,45	405,56	443,32
1"	384,06	435,99	462,66
1¼-1½"	422,63	470,74	516,11
2"	465,74	511,62	559,27

2. Para as acometidas de lonxitude superior a 5 m. calcularase o custo de acordo co seguinte cadro de prezos:

#### Acometidas de máis de 5

<u>mts.</u>	<u>¾"</u>	<u>1"</u>	<u>1¼"-1½"</u>	<u>2"</u>
(A) incremento € por m.	9,56	11,18	15,89	26,77
(B) incremento € por m.	17,62	22,67	27,36	37,78
(C) incremento € por m.	25,20	26,88	31,57	41,79

## **2.- Prezo de instalación de contador**

### **2.1.- Instalación de contador de 13 mm. en batería de contadores ou similar**

- Contador de 13 mm.
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

**TOTAL** 74,21 €. **76,58 €.**

### **2.2.- Contadores de diámetro superior a 13 mm.**

Farase presuposto para cada caso.

### **2.3.- Tarifa de contadores (sen colocación)**

#### **TARIFA DE CONTADORES**

(sen colocación)

<b>Ø13 mm.</b>	56,50	€/ud
<b>Ø15 mm.</b>	62,31	€/ud
<b>Ø20 mm.</b>	76,08	€/ud
<b>Ø25 mm.</b>	123,87	€/ud
<b>Ø30 mm.</b>	173,16	€/ud
<b>Ø40 mm.</b>	268,36	€/ud
<b>Ø50 mm.</b>	586,52	€/ud
<b>Ø65 mm.</b>	727,11	€/ud

#### **Artigo 6. Devengo.**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento de prestarse o servizo previa a correspondente solicitude ou dende que se utilice este sen ter obtida a previa licenza , debendo depositarse previamente o pagamento correspondente ó enganche.

A obriga do pagamento da taxa establécese da forma seguinte:

Taxa de conexión, antes de efectuarse a conexión e entenderase como taxa única e definitiva.

Taxa por consumo dende o momento no que se inicie a prestación do servizo e a súa facturación e cobramento , efectuarase con periodicidade trimestral.

O prezo de dita taxa efectuarase no momento da presentación, ó obrigado a realizalo, da correspondente factura. O non pagamento de tres facturacións consecutivas será motivo suficiente para corta-lo subministro de auga ó obrigado moroso.

#### **Artigo 7. Exencións e bonificacións.**

De conformidade co disposto no artigo 9 da lei 39/1988 do 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de lei.

#### **Artigo 8. Reducións.**

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 da lei 39/1988, establécese unha redución do 50% da tarifa polo consumo destinado ás explotacións agrícolas.

#### **Artigo 9. Infraccións e Sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ós mesmos correspondan en cada caso, estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da lei xeral tributaria.

**Disposición Adicional Primeira.** Declaración de alta

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta no censo ou no padrón da taxa e surtirá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

**Disposición Adicional Segunda.** Declaración de baixa.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtir efecto no período natural seguinte ó da presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

**Disposición Final.**

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa íntegra publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

4. Publicar o texto íntegro no B.O.P.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e Pr.

A secretaria

O alcalde